

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense, informa o seguinte:

1º.- Que con data 14 de febreiro de 1996 os veciños de Albite (Concello de Beariz) solicitan a transformación, do consorcio "Costoya" OR-3083 en convenio.

O acordo de solicitar dita transformación foi tomado en asemblea xeral da comunidade o día 10-10-1995.

2º.- Que o monte "Peniñas, Pico, Rega do Couto e Lomba", foi clasificado como veciñal en man común con data 30-11-1976 atribuíndose a propiedade do mesmo ós veciños de Albite, no concello de Beariz.

O monte "Costoya" (OR-3083 foi consorciado co Patrimonio Forestal do Estado con data 24-6-1961. Actualmente so quedan en consorcio 68 Has. pertencentes ós veciños de Albite, por ter sido transformadas a convenios as pertencentes ós veciños de Lebozán (321/5518 "Oural e Costa" 13-3-1986) e A Bouza" (321/5557 "De Bouza" 2-9-1987).

As 68 Has. están arboradas con pino pinaster de diversas idades.

3º.- Que para realizar o estado de gastos e ingresos que afecta ós veciños de Albite pola súa participación no consorcio OR-3083 teremos que calcular os gastos e ingresos totais e desconta-los nos dous convenios anteriores.

# 1. GASTOS

## 1.1 Gastos do consorcio OR-3083

-Gastos por traballos realizados pola Admon.

Forestal ata o ano 1976 inclusive ..... 4.482.505.-Pts

Subtotal A..... 4.482.505.-Pts.

-Gastos por traballos realizados pola Admon.

Forestal dende o ano 1976 inclusive ..... 4.885.663.-Pts.

Subtotal B ..... 4.885.663.-Pts

## 1.2 Gastos do consorcio OR-3083 imputables á comunidade de Albite.

Conforme ó disposto na disposición adicional segunda da Lei 13/89 do 10 de outubro da Xunta de Galicia sobre montes veciñais en man común, o Subtotal A ten a consideración de debéda condoadada.

-Gastos do consorcio OR-3083 ..... 4.885.663.- Ptas.

-Gastos descontados no convenio 321/5518

"Oural e Costa" pertencente a Lebozán... -2.171.906.- Ptas.

-Gastos descontados no convenio 321/5557

"De Bouza" pertencente A Bouza..... -2.409.162.- Ptas.

Gastos de OR-3083 imputables a Albite... 304.595.- Ptas.

## 1.3 Gastos a integrar na conta do novo monte:

-Gastos procedentes do OR-3083 ..... 304.595.-Ptas.

-Gastos de administración 7,86% s/304.595 23.911.- "

-Gastos de gardería 1400 pts./Ha. x 68 Ha. 95.200.- "

TOTAL. .... 423.706.-Ptas.

## 2. INGRESOS

### 2.1. Ingresos do consorcio OR-3083

|                                                                                                    |                 |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------|
| -Ingresos realizados pola Admon. Forestal<br>pola súa participación no consorcio ata<br>1976 ..... | <u>0.-Ptas.</u> |
| Subtotal A. ....                                                                                   | 0.-Ptas.        |

|                                                                                                                                  |                       |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------|
| -Ingresos realizados pola Admon. Forestal<br><br>pola súa paarticipación no consorcio den-<br>de 1977 ata 1995, inclusives ..... | <u>66.150.- Ptas.</u> |
| Subtotal B. ....                                                                                                                 | 66.150.-Ptas.         |

### 2.2 Ingresos do consorcio OR-3083 imputables á comunidade de Albite.

|                                                                       |                |
|-----------------------------------------------------------------------|----------------|
| -Ingresos realizados pola participación no<br>consorcio OR-3083 ..... | 66.150.- Ptas. |
|-----------------------------------------------------------------------|----------------|

|                                                                                          |           |
|------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|
| -Ingresos descontados no convenio 321-5518<br>"Oural e Costa" pertencente a Lebozán .... | -0.-Ptas. |
|------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|

|                                                                                    |                        |
|------------------------------------------------------------------------------------|------------------------|
| -Ingresos descontados no convenio 321/5557<br>"De Bouza" pertencente A Bouza. .... | <u>- 21.972.-Ptas.</u> |
| Ingresos do OR-3083 imputables a Albite...                                         | 44.178.-Ptas.          |

## 3. Saldo co que se iniciará no novo convenio

O saldo imputable o novo convenio resulta da diferenca entre  
gastos e ingresos:

$$423.706 \text{ ptas.} - 44.178 \text{ ptas.} = 379.528.- \text{ Ptas.}$$

Á vista de todo isto, propoñemos a V.E.:

1º.- Que se aprobe o Convenio do monte, coas seguintes características:

Nome: Peniñas e outros.

Elenco: 321-5590

Superficie: 68 Ha.

Pertenza: Albite

Concello: Beariz.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Interés sobre o anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo: 70%.

Participación da Consellería no voo: 30%.

Saldo inicial da conta de gastos: 379.528.- Ptas.

2º.- Que no sucesivo o Consorcio "Costoya" OR-3083 queda extinguido.

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 1996.

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES E  
INDUSTRIAS FORESTAIS,



Asdo.: Plácido Baamonde López.



V.º B.º  
O DIRECTOR XERAL,

Asdo.: Tomás Fernández-Couto Juanas.

ILMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES.

Visto o expediente de transformación do consorcio "Costoya" OR-3083, nun convenio entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e Comunidade de Veciños de Albite, no concello de Beariz, propietaria do monte "Peniñas, Pico, Rega do Couto e Lomba" de 68 Has.; e á vista dos informes favorables emitido pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e a Xefatura Provincial de Ourense, entendo que procede a aprobación do devandito convenio nos termos propostos, así como a cancelación do consorcio do monte "Costoya", OR-3083, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da comunidade Autónoma, o artigo 57 do devandito Real Decreto, así como á Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 1996.

A TECNICA XURÍDICA,

A handwritten signature in blue ink, appearing to read 'María Diz'.

Asdo.: María Diz Rodríguez.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE  
NATURAL.-

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica, e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense.

R E S O L V O

1º.- Que se aprobe o Convenio das seguintes características:

Nome do monte: Peniñas e outros.

Elenco: 3215590.

Superficie: 68 Has.

Pertenza: Comunidade de Albite.

Concello: Beariz.

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo: 50%.

Interés sobre o anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

Saldo inicial da conta de gastos: 379.528.Pts.

2º.- Que no sucesivo o Consorcio "Costoya" OR-3083 queda extinguido.

Santiago de Compostela,<sup>3</sup> de decembro de 1996.

O CONSELLEIRO,

P/D

O SECRETARIO XERAL,



Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.

(O. do 13-12-93)

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

C O N V E N I O

|     |     |      |
|-----|-----|------|
| N.º | 321 | 5590 |
|-----|-----|------|

En Santiago de Compostela, a ..... de ..... de mil novecentos noventa e .....

R E U N I D O S

Dunha banda, D. Antonio Luis Rosón Pérez, por Delegación do ....., Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, en virtude da Orde do 13-12-1993

Da outra, D. Severino Roo Cerdeira ....., como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común Peniñas, Pico, Rega do Couto y Lomba ....., segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.— O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do 24-6-1961

para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) ~~A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (risqueuse, de non existir).~~

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.— Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a Comunidade de vecinos de Albite.

e son os que a continuación se describen:

Denominación: Peniñas, Pico, Rega do Couto y Lomba

Termo municipal: Beariz

Provincia: ORENSE

Situación administrativa e legal: Consorciado como "Costoya" OR-3083 por el Patrimonio Forestal del Estado con fecha 24-6-1961. Clasificado como Vecinal en Mano Común. Con fecha 30-11-1.976

Límites:

N.: M.V.M.C. perteneciente a los vecinos de Lebozán y Basto (Beariz)

S.: M.V.M.C. perteneciente a los vecinos de Bouza (Beariz)

L.: M.V.M.C. perteneciente a los vecinos de Albite (Beariz)

O.: M.V.M.C. perteneciente a los vecinos de Bouza (Beariz)

Superficie: 68 ha.

Estado forestal: Toda la superficie se encuentra poblada por pino pinaster de diversas edades

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan:

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula:  
68 ha.

Sen vexetación arbórea:

Servidumes: Las habituales de paso

3ª.— O chan continuará pertencendo a Comunidade de vecinos de Albite

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) ~~O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).~~

4ª.— A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o Cincuenta por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante Cincuenta por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do uno por cento anual.

5ª.— Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualizar as contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: Costoya OR-3083

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o TREINTA por cento será para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e o SETENTA por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes excedese do saldo acreedor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuíndo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

10ª.— A duração deste convenio será por um período de TRÊNTA anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acreedor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular.

Caso de que o saldo acreedor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes se cubrixe antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerarase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, se esta o precisar.

12ª.— A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será Pino pinaster como especie principal.

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don JOSÉ MANUEL BALTAR BLANCO -----, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

**CERTIFICO:**

1.— Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común denominando "PENIÑAS, PICO, REGO DO COUTO Y LOMBA" a favor dos veciños de Albite, parroquia y concello de BEARIZ. -----

2.— Que, así mesmo, figura Don SEVERINO ROO CERDEIRA -----, e Don ENRIQUE BARROS OTERO -----, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, dende o 8 xaneiro 1994 ata o 8 xaneiro 1998. -----

E para que conste, expido a presente certificación en Ourense, a 17 de xuño de 1996.



Don ENRIQUE BARROS OTERO -----, Secretario de LA COMUNIDAD DE MONTES DE ALBITE

**CERTIFICO:** Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 10-10-1995 estando designado Don Severino Roo Cerdeira representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en (ALBITE) BEARIZ a 5 de Junio de mil novecientos noventa e Seis.

O SECRETARIO,

Visto e prace,

O PRESIDENTE

Asdo.: Severino Roo Cerdeira

Asdo.: Enrique Barros Otero

D. CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ TOMÁS FERNÁNDEZ-COUTO JUANAS -----, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.

Pola propiedade,

Pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes,

O CONSELLEIRO,

P/D

O SECRETARIO XERAL,

Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez. (0. do 13/12/93)